



ACTIVIDADES DENDE A AULA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA PARA 5º DE PRIMARIA

O 17 de maio é o **Día das Letras Galegas**. Na proposta desta semana imos ter moi en conta esta importante data que nos lembra a gran riqueza que supón ter unha lingua propia.

Este ano o escritor ao que se lle adica o Día das Letras Galegas é **Ricardo Carvalho Calero** unha das figuras máis importantes da cultura galega .

LE este poema do autor homenaxeado.

Non llo preguntarei, non, aos pardais
nin á cachorra, nin ao paporrubio
non llo preguntarei á lavandeira
que decote uns, outros de cando en cando,
ao meu terrazo acoden, comer
as miúdas migallas que lles boto.

Reticencias (1990)





Cal é o paxaro da foto?.....

Escribe debaixo de cada foto o nome dos paxaros da poesía.



.....



.....

Este canto de arrollo aparece na primeira obra de teatro que compuxo Ricardo Carvalho Calero, titulada *O fillo*. Tenta colocar ti os versos que faltan, é moi doado.

Durme, meniño, no teu berce;

.....

Durme, meniño, no teu barrelo;

.....

Durme, meu neno. Durme, que cando sexa primavera

.....



Versos fuxidos que tes que poñer no seu sitio buscando que soen ben, fíxate na última palabra:

durme, que os montes están cheos de neve.

durme, que os montes están cheos de medo.

ti choutarás polas floridas veigas.



Nesta páxina poderás facer unha actividade interactiva con outro fermoso poema de Ricardo Carvalho Calero. Inténtao.

<http://primaveradasletras.gal/poemas-e-idiomas/>



Imos ler un fragmento dun CONTO escrito por el inspirado na súa infancia.

O conto titúlase: **"As pitas baixo a chuva"**

Tamén está inspirado na súa infancia "As pitas baixo a chuva", un relato no que conta como espertou o seu interese polos animais:

Moito quería eu os animais. No curro pasaba unha gran parte do meu tempo ollando para as galiñas. Víaas escaravellar na terra en procura de vermes e miñocas. Botáballes o millo. Recollía os ovos que anunciaban co seu alporizado cacarexar. Cada ave tiña un nome posto por min, e eran tan estreitas as relacións entre min e eles que nos comunicabamos co pensamento.

As pitas baixo a chuva (1984)

Tanto amor sentía o neno Ricardo por aquelas aves que un día que comezou a chover saíu veloz a socorrelas:

Como ía deixar que a auga podrecese os ósos dos pobres animais? Quizais os catarros, as pulmonías, o reuma non existían para as galiñas? O meu pai dicía que as súas plumas eran impermeables, mais isto non o podía crer eu.

A historia remata co seu pai e coa súa avoa que acudiron a abrigalo, mollados coma pitos!

COLOREA o debuxo do neno Ricardo abrigando aos animais da choiva.



Se queres facer actividades interactivas relacionadas con este conto, aquí tes o enlace.

<http://primaveradasletras.gal/as-pitas-baixo-a-chuvia/>



Traballa **ATENCIÓN** e **VOCABULARIO** con esta **SOPA** de palabras **FERMOSAS** na lingua galega.



Estas **14 palabras** foron escollidas das máis fermosas.

Búscaas: AGARIMO, ALOUMIÑO, AMENCER, APERTA,
AXÓUXERE, BOLBORETA, BRÉTEMA,
ENXE BRE, LARPEIRO, LEDICIA, LUSCOFUSCO,
MORRIÑA, SARABIA, VAGALUME.



RAZOAMENTO LÓXICO MATEMÁTICO

1. Un pintor cobra 15 € por cada puerta y 12 € por cada ventana. Si pinta 7 puertas y 14 ventanas, ¿cuánto cobrará en total?

Datos

Operaciones

Resultado

Cobraré

..... euros.



2. Un autobús realizó 4 viajes en un día. En cada viaje transportó a 45 pasajeros. Si cada billete vale 5 €, ¿cuál fue el ingreso del día?

Datos

Operaciones

Resultado

El ingreso fue

de euros.



3. ¿Cuántas galletas hay en tres paquetes si en cinco paquetes hay 620 galletas?

Datos

Operaciones

Resultado

En tres
paquetes hay

..... galletas.





Resolve este XEROGLÍFICO é moi doado.



A resposta é.....

Agardo que as miñas propostas desta semana foran do teu agrado.
Procuró que sexan divertidas e variadas e que traballen distintos
ámbitos.

Fainas tranquilamente, porque seguro que tes tarefas dabondo
dende a túa titoría.

Un saúdo

A túa profesora de PT.